

## RESOLUCIÓN POLA QUE SE MODIFICA O PERÍODO DE EXTRACCIÓN DE SEMENTE DE MEXILLÓN EN ROCHA DENTRO DO ÁMBITO TERRITORIAL DE COMPETENCIA DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR EN VIGO

### ANTECEDENTES

1. Mediante resolución do 30.04.2024 do departamento territorial da Consellería do Mar en Vigo autorízase a ampliación, con carácter extraordinario, do período de extracción de semente de mexillón en rocha, disposto na Orde de 26 de outubro do 2000, dentro do ámbito territorial de competencia deste departamento, agás no ámbito do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, ata o 31.05.2024
2. O día 29.05.2024, a Organización de Produtores de Mejillón de Galicia (OPMEGA) presenta un escrito no que solicita nun mes a ampliación do período para a extracción de mexilla en bancos naturais de Galicia. No escrito xustifican esta petición en base a diferentes factores, entre eles a elevada mortandade que experimentou a primeira posta de semente de mexillón polo mes de nadal, e as inclemencias do tempo que fixo que os produtores non tivesen un adecuado e homoxéneo abastecemento de semente.
3. O 03.06.2024, o director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica emite un informe no que indica que non atopa inconveniente en que se amplíe de forma extraordinaria o período de extracción da semente de mexillón, agás no ámbito do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, ata o 21.06.2024, cunha serie de limitacións en canto ás zonas de extracción.

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O Decreto 406/1996, do 7 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de viveiros de cultivos mariños nas augas de Galicia, modificado polo Decreto 338/1999, do 3 de decembro, dispón que as condicións das habilitacións para o abastecemento de semente en banco natural, as zonas e períodos de extracción e as cantidades máximas a extraer en cada zona, se regularán mediante Orde da consellería competente en materia de acuicultura.
2. Por Orde do 26 de outubro do 2000 régulase a extracción de semente de mexillón en bancos naturais, fixando no seu artigo 4 como período de extracción o comprendido entre o 1 de decembro e o 30 de abril. Á súa vez establécese que se prohibe a extracción de semente os sábados, domingos e festivos.
3. A disposición adicional da Orde do 26 de outubro do 2000 establece que en función das características conxunturais de cada campaña e cando o seguimento e avaliación dos recursos o aconselle, a dirección territorial, dentro do ámbito da súa competencia, poderá modificar as zonas, cantidades e períodos de extracción mediante resolución motivada que deberá ser comunicada aos interesados.





4. A Orde do 22 de decembro de 2021, pola que se aproban os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2022-2024, establece no seu artigo 2: "Apróbanse os plans de xestión para o trienio 2022-2024 para a explotación sustentable do percebe, presentados polas entidades asociativas do sector, que se relacionan no cadro A. Os plans de xestión de percebe que inclúen zonas de reserva para a extracción da semente de mexillón e zonas de explotación exclusiva de percebe, e as coordenadas xeográficas das mesmas, se relacionan no cadro B."

Mediante resolucións da agora directora territorial de Vigo acordáronse medidas de adaptación dos ditos plans de xestión de percebe.

([https://www.pescadegalicia.gal/gl/zonasreservamexilla\\_zonasexclusivaspercebe](https://www.pescadegalicia.gal/gl/zonasreservamexilla_zonasexclusivaspercebe))

5. Consonte ao disposto no informe do director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica emitido o 03.06.2024: "[...] resulta destacable ter en conta as condicións especiais acaecidas no inverno 2023-24, no que se alternaron períodos de borrascas consecutivas con fortes chuvias, que provocaron baixadas de salinidade significativas, con períodos nos que as temperaturas estiveron por riba das medias habituais: [https://www.meteogalicia.gal/observacion/informesclima/informesIndex.action?request\\_locale=es](https://www.meteogalicia.gal/observacion/informesclima/informesIndex.action?request_locale=es).

*Esta alternancia nas condicións ambientais poden causar alteracións fisiolóxicas que debilitan aos organismos mariños, como é o caso dos moluscos bivalvos, debilitándoos e incrementando a taxa de mortalidade. [...]*

Por outra banda, resultan relevantes os resultados dos informes de recontos larvarios feitos en colaboración co laboratorio de inmunoloxía (CINBIO) da Universidade de Vigo (UVIGO) e o Centro de Investigacións Mariñas (CIMA). (...)"

Estes informes se poden consultar aquí: [http://www.intecmar.gal/informacion/fito/informes/l\\_Larvas2.aspx](http://www.intecmar.gal/informacion/fito/informes/l_Larvas2.aspx).

Por conseguinte, a dita dirección xeral, vistas as solicitudes achegadas e tendo en conta as posibles necesidades concretas para completar o abastecemento de semente de mexillón nalgunhas bateas, informa que cómpre ampliar o período de recolección de semente de mexillón en rocha ata o 21.06.2024 no marco do disposto na Orde do 26 de outubro do 2000, cunha serie de limitacións en canto ás zonas de extracción.

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

Modificar, con carácter extraordinario, o período de extracción de semente de mexillón en rocha, disposto na Orde de 26 de outubro do 2000, dentro do ámbito territorial de competencia deste departamento, agás no ámbito do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, e amplialo **ata o 21.06.2024**, baixo as seguintes condicións:

- A recolección se fará no horario comprendido entre as 7:00 e as 20:00 horas.
- Respetarase a limitación de zonas que se regulan na Orde do 22 de decembro de 2021, pola que se aproban os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2022-2024, e nas resolucións de adaptación dos plans de xestión de percebe, que inclúen zonas de reserva para a extracción de semente de





mexillón e zonas de explotación exclusiva de percebe, e as coordenadas xeográficas destas.

- Respetarase a prohibición de extraer semente de mexillón os sábados, os domingos e os festivos.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes ante persoa titular da Consellería do Mar, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo,

A directora territorial  
Sonia Lorenzo Santos

